

A CRISE DA MONARQUÍA ABSOLUTA

A crise da Monarquía Absoluta en España coincide co reinado de Carlos IV (1788-1808), unha etapa caracterizada pola repercusión da experiencia revolucionaria que se desenvolve en Francia desde 1789.

A época de expansión e desenvolvemento económico do s. XVIII rematará a finais de século cando ás circunstancias políticas unirase unha crise económica xeneralizada. As manifestacións máis sobresaíntes da crise foron:

- O Fin das Políticas Reformistas, dado o temor ó espallamento das ideas revolucionarias que triunfan en Francia e que motivarán o cordón sanitario de Floridablanca e a chegada ó Goberno de Godoy, favorito do Rei Carlos IV e da súa muller María Luisa de Parma.
- A Crise económica xeneralizada: A crise do comercio con América e o intento fracasado de paliar a crise coa Desamortización de Godoy.
- A total submisión á política exterior marcada por Francia.
- As abdicacións de Baiona: A loita entre os membros da Familia real. A oposición do “Partido fernandino”, que apoia ó príncipe de Asturias, o futuro Fernando VII, contra a triloxía formada polos Reis e Godoy. Rematará coa intervención de Napoleón, a abdicación de Carlos IV e Fernando VII no Emperador.
- **O TEMOR Ó ESPALLAMENTO DAS IDEAS REVOLUCIONARIAS. O FIN DAS POLÍTICAS REFORMISTAS:**

O temor a difusión do proceso revolucionario que se está a desenvolver en Francia é a causa de que as políticas reformistas ilustradas que caracterizaran o reinado de Carlos III sexan freadas e abandonadas. Ó mesmo tempo se trata de impoñer “un cordón sanitario” que impida a entrada e difusión en España destas novas ideas que poñen en perigo os alicerces do Antigo Réxime.

Floridablanca, ilustrado reformista do reinado de Carlos III:

- Paraliza todas as medidas que, en secreto, se deliberaran nas Cortes de 1789 (supresión da lei sálica, limitacións á acumulación das propiedades vinculadas).
- Establece unha especie de “cordón sanitario” na fronteira francesa para impedir a entrada en España de libros e todo tipo de publicacións que difundan as ideas revolucionarias. Impón a censura de publicacións e libros, e utiliza ó Tribunal da Inquisición para perseguir ós difusores das novas ideas. Algúns ilustrados como Cabarrús, Campomanes e Jovellanos sufrirán de distintos xeitos a persecución do Alto Tribunal.

- O incendio de Francia vai medrando e pode propagarse como a peste, encontrando disposta a materia nos pobos da fronteira (...). A necesidade de formar un cordón contra esta peste urxe máis e máis cada día, e é preciso arrimar a certos puntos da raia todas as tropas posibles nas provincias de Guipúscoa e Biscaia, reinos de Navarra e Aragón e principado de Cataluña (...). O mando principal do cordón deberá estar a cargo dos capitáns xenerais (...). O pretexto lexítimo para este cordón será, sen entrar a nomear nada do que toque á revolución francesa e á súa nova Constitución, divulgar os avisos e temores que temos de que os malféitores franceses e os que se lles unisen dos nosos meditan pasar a raia e vir roubar, saquear e maltratar as xentes dos nosos pobos.

- Conde de FLORIDABLANCA. **Informe ao rei Carlos IV**. 1791

- 1. Que todas as brochuras ou papeis impresos ou manuscritos que traten das revolucións e nova constitución da Francia desde o seu principio ata agora, logo que cheguen ás Aduanas, se remitan polos Administradores delas directamente ao Ministerio de Estado, que é a quen lle corresponden os asuntos relativos a Nacións estranxeiras.

- 2. Que os abanos, caixas, cintas e outras manobras que teñan alusión aos mesmos asuntos, se remitan ao Ministerio de Facenda, que disporá se lles quiten as tales alusións, antes de entregalas aos seus donos.

- 3. Que todos os libros en lingua francesa que cheguen ás Aduanas das fronteiras e portos con destino a Madrid, se remitan polos Administradores delas, cerrados selados, aos Directores xerais de Rendas; os cales avisen a súa chegada ao Gobernador do Consello, para que recoñecéndoo, se dea o pase aos que fosen correntes, detendo os sediciosos, e que traen as revolucións de Francia, que se deberán remitir por estes Directores ao Ministerio de Estado.

CARLOS IV. **Real Orde**. 15-7-1792 [castelán]

- Rachará coa tradicional alianza entre Francia e España, e iniciará a vía de **negociación con Gran Bretaña**, principal e continua ameaza para os intereses españois en América.

A decisión de Floridablanca de non recoñecer o xuramento de Luís XVI á Constitución francesa de 1791, significará a súa caída do goberno, pois dificultaba toda posible relación entre as familias reais e entre os 2 países. O goberno de Aranda inicia unha pequena etapa de achegamento a Francia.

Os acontecementos de 1792 en Francia, o apresamento do Rei Luís XVI, o seu procesamento e execución levan a un rexeitamento da nova república francesa e á declaración de Guerra a Francia. A Guerra da Convención contra a República francesa e as primeiras vitorias dos revolucionarios; propiciaron un cambio de política e de goberno. Carlos IV aproveitará a ocasión para desfacerse dos antigos políticos do seu pai Carlos III e promover a Godoy que gozaba da súa total confianza

- **SUBSTITUCIÓN DOS ANTIGOS POLÍTICOS ILUSTRADOS POR GODOY,**

A pretensión dos Reis é contar cun "favorito" da súa total confianza que faga esquecer ós políticos ilustrados anteriores e co que manteñan unha relación directa e intensa. Os reis promoven "ex novo" a Godoy, un garda de palacio pertencente a pequena nobreza estremeña, que chegará a obter os principais cargos e títulos (Grande de España, Príncipe da paz, Almirante...). Godoy dirixirá a política española desde 1793, e rodearase para o seu cometido de novas figuras políticas próximas á súa persoa.

Ó longo do seu goberno Godoy aglutinará en contra súa diversas oposicións

- **A CRISE ECONÓMICA XENERALIZADA.**

As **dificultades da Facenda real** agudizaranse polas guerras, primeiro contra Francia e, sobre todo, cos enfrontamentos contra Gran Bretaña, case continuos desde 1796.

A **paralización do comercio con América**, o **freo** que representa para a **producción industrial** e a **redución** conseguinte dos **ingresos** levará a monarquía a recorrer a **préstamos** e a **emisión de vales reais** que chegarán a perder unha grande parte do seu valor (en 1802, o 75%).

A insuficiencia destas medidas e o agravamento da crise económica polas malas colleitas e a inflación, levaron a promover:

- Alleamento voluntario dos morgados.
- **A desamortización dos establecementos de beneficencia pública** rexidos pola igrexa. Para atraer ós compradores, conseguiu-se que en 1805 o Papa publicara un breve autorizando a desamortización destes bens.

Valoración: a desamortización afectaba a unha pequena parte dos bens da igrexa (cunha incidencia xeográfica desigual, aínda que na maior parte de España representa unha sexta parte, en Andalucía chega a ser dunha cuarta parte e en Murcia dun terzo) e non tivo incidencia algunha nos morgados. Non conseguiu o obxectivo de permitir o acceso á propiedade dunha masa de pequenos propietarios, posto que aínda que estes bens se venderon en pública poxa, dividíndose a propiedade, os únicos que puideron mercar foron os grandes propietarios, que viron incrementadas as súas propiedades e ademais víronse favorecidos polo pago con vales depreciados do goberno. Ademais, as vendas non conseguiron solucionar os problemas de Facenda, pois continuou incrementándose a débeda, o valor dos vales reais diminuíu considerablemente e nin sequera o Estado puido pagar os seus intereses.

No medio das urxencias presentes da Coroa, creo necesario dispor dun fondo cuantioso que sirva ao dobre obxectivo de subrogar en lugar dos Vales Reais outra débeda con menor interese e inconvenientes, e de poder aliviar a industria e comercio (...). Dispoño que se alleen todos os bens raíces pertencentes a hospitais, hospicios, casas de misericordia, de reclusión e de expósitos, confrarías, memorias, obras pías e padroados de leigos, poñéndose os produtos destas vendas, así como os dos capi- tais de censos que se redimisen pertencentes a estes establecementos e fundacións, na Real Caixa de amortización. (...)

Os alleamentos deberán facerse do modo máis sinxelo, subdividíndose as herdades, canto sexa posible, para facilitar a concorrncia dos compradores e a multiplicación dos propietarios, realizándose as vendas (...) en pública poxa con previa taxación.

Lei de desamortización. 1798

Hai, sen embargo quen destaca que coa desamortización de Godoy prodúcese un cambio social fundamental, pois é a primeira vez que se leva adiante un proceso de venda de bens que, durante séculos, permaneceran en mans mortas.

O endebedamento do Estado que non é mitigado nin pola desamortización, nin pola emisión de vales reais, provoca unha maior presión fiscal. O incremento de impostos xunto con outros factores como

as malas colleitas, a suba do prezo dos alimentos e a baixa dos salarios provocarán un **grande malestar social que ven acompañado por frecuentes motíns de subsistencias e motíns antifiscais.**
- UNHA POLÍTICA EXTERIOR DE TOTAL SUBMISIÓN A FRANCIA

A política exterior de Godoy iníciase coa guerra contra Francia, a **Guerra da Convención**. Tras amosarse a debilidade do exército español, Godoy firma con Francia a **Paz de Basilea** en 1795. A paz suporá o recoñecemento da cesión a Francia da illa de Santo Domingo. A partir desta data a política exterior española volve á tradicional alianza con Francia e retómase o enfrontamento con Gran Bretaña. Este cambio supón **a submisión absoluta da política española a Francia**. España vaise convertendo, máis que nunha aliada, nunha simple peza ó servizo dos intereses franceses e en particular dos de Napoleón. Segundo palabras da raíña de Nápoles, cuñada de Carlos IV “os españois son totalmente adictos dos franceses, de quen se converteron en escravos”.

Nun principio o interese principal de Napoleón residía na colaboración da flota española para a conquista de Gran Bretaña, obter vantaxes comerciais na América española e contar coa axuda española para impedir as relacións comerciais entre Portugal e Gran Bretaña. O Tratado de San Ildefonso en 1796 atende a estes obxectivos.

Aínda que en 1801, na **Guerra das Laranxas**, Godoy sae triunfador no enfrontamento con Portugal (será recoñecido como Príncipe da Paz) e o **Tratado de Badaxoz** contemplaba o peche dos portos lusos ós barcos británicos, Napoleón non conseguirá o sometemento de Portugal á política francesa. A derrota naval de Trafalgar, que imposibilita a conquista de Inglaterra por Napoleón, forza ó Emperador (desde 1804) a cambiar de política ó mesmo tempo que introduce novos obxectivos na súa política exterior. Substitúe a conquista polo **bloqueo continental de Inglaterra**. Napoleón pretende **sometela economicamente impedindo a comercialización dos produtos británicos en Europa, impondo un bloqueo comercial desde Portugal a Rusia**. Por outra parte, Napoleón impón a súa política de **crear estados aliados gobernados polos seus familiares e achegados** (desaloxa á familia Borbón de Etruria e Nápoles onde vai impor como rei ó seu irmán Xosé), ó mesmo tempo que pretende **incrementar o territorio de Francia**, incorporando os territorios españois ó norte do Río Ebro.

Consciente destas pretensións, Godoy, en 1806, desexa cambiar de política respecto a Francia e procurar aliados fronte ó emperador, pero as vitorias de Napoleón impídenllo. Napoleón forza a Godoy a recoñecer a Xosé Bonaparte como Rei de Nápoles, a adhesión ó bloqueo continental contra Inglaterra, ao envío de tropas españolas a Dinamarca e á firma do **Tratado secreto de Fontainebleau de 1807**.

O Tratado supón un convenio entre Francia e España para repartir **Portugal en 3 partes**; O Norte que pasaría a ser dominio do antigo rei de Etruria. **O Sur, Algarve e Alentejo**, que pasarían a **pertencer a Godoy** (O Centro permanecería baixo a coroa portuguesa, mediatizada por España). Ademais permitíase ás tropas francesas entrar en España para dirixirse a Lisboa.

Art.1. A provincia de Entre-Douro-e-Miño coa cidade de Porto darase en toda propiedade e soberanía de S.M. ao rei de Etruria co título de rei da Lusitania Setentrional.

Art.2. A provincia do Alentexo e o reino dos Algarves se darán en toda propiedade e soberanía ao Príncipe da Paz [Godoy], para que as goce co título de príncipe dos Algarves.

Art.3. As provincias de Beira, Tras-os-Montes e a Estremadura portuguesa quedarán en depósito ata a paz xeral, para dispor delas segundo as circunstancias e segundo conveña ás dúas altas partes contratantes. (...)

Art.13. As dúas altas partes contratantes entenderanse para facer un repartimento igual das illas, colonias e outras propiedades ultramarinas de Portugal.

Tratado de Fontainebleau. 27-10-1807

A realidade é que Napoleón non ten intención de cumprir coas condicións do Tratado e, en secreto, manobrará para o destronamento da familia real. Atopará o pretexto nas disputas entre a propia familia de Carlos IV. Napoleón pretendía, ademais da incorporación de territorios españois a Francia, o control total sobre o comercio con América e esperaba que as reformas que levaría adiante en España lle aportarían o apoio popular.

AS ABDICACIÓNS DE BAIONA

A finais do reinado de Carlos IV quedou patente a división existente entre a familia real. Á “trinidade” formada polos Reis e Godoy, opónse o “partido fernandino”. Este está formado por un grupo de

aristócratas e militares, partidarios de Aranda e contrarios a Godoy, que van apoiar ó príncipe herdeiro, o futuro Fernando VII e están apoiados pola Igrexa a causa das medidas de Godoy.

O príncipe herdeiro séntese desprazado na corte pola ascendencia que ten Godoy sobre os seus pais e pola crenza de que corre perigo a súa sucesión (sensación de perigo alimentada polo grupo aristocrático que o apoia) pois teme a posibilidade de que o Rei decida, dados os seus desacordos, que lle suceda no trono un dos seus irmáns pequenos. Entre os principais membros do partido fernandino, destacan os duques de San Carlos e do Infantado e o preceptor do príncipe, Juan de Escoiquiz.

A partir de 1806, Godoy, consciente das verdadeiras intencións de Napoleón, trata de desmarcarse da súa política, aínda que non vai contar con ningún apoio exterior. Esta actitude ten unha dobre consecuencia, Godoy xa non empeza a contar co beneplácito de Napoleón e o partido fernandino pretende obter agora a axuda de Napoleón, que se deixa querer esperando aproveitarse desta división. De feito, en 1807 (despois de morrer a primeira dona de Fernando), Fernando VII diríxese a Napoleón solicitándolle, a costas dos seus pais, a man dunha princesa da familia imperial. Ó mesmo tempo, o partido fernandino empezou unha campaña de desprestixio da raíña e de Godoy e empeza a tomar decisións, en secreto, para un hipotético futuro (como o nomeamento do Duque do Infantado como capitán xeral trala, presunta, morte de Carlos IV).

Descubertas estas manobras, **Conxura do Escorial**, Godoy aproveita a situación para desacreditar a Fernando VII ó que acusa de conspirar contra a vida dos seus pais.

O fulgurante ascenso de Godoy xerou un forte resentimento no príncipe de Asturias, Fernando, temeroso de perder a Coroa, que foi creando un grupo opositor dentro da Corte formado, fundamentalmente, por aristócratas. En 1807 trazaron un plano para derrocar a Carlos IV, pero foi descuberto; a pesar da traizón que o plano significaba, o pai perdoou ao fillo.

O príncipe Fernando prepara un movemento en Palacio: a coroa de V.M. periga: a raíña María Luísa corre o risco de morrer envelenada: urxe impedir tales intentos sen perder un instante: o vasalo fiel que dá este aviso non está en posición nin en circunstancias para poder cumprir doutra maneira os seus deberes.

Anónimo atopado por Carlos IV no seu escritorio. 28-10-1807

Carlos IV nun manifesto denunciou o complot do seu fillo e este foi obrigado a admitilo e denunciar ós culpables.

Deus, que vela sobre as súas criaturas, non permite a execución de feitos atroces cando as vítimas son inocentes (...). Vivía eu persuadido desta verdade, cando unha man descoñecida me ensina e descobre o máis enorme e temerario plano que se trazaba no meu propio palacio contra a miña persoa. A miña vida, que tantas veces estivo en perigo era xa unha carga pesada para o meu sucesor; que pre- ocupado, obcecado e alleado dos principios de cristiandade que lle ensinou o meu paternal coidado e amor, admitira un plano para destronarme. Entón eu quixen indagar por min mesmo a verdade do feito e sorprendéndoo no seu cuarto, atopei no seu poder a cifra de intelixencia e de instrucións que recibía dos malvados. Convoquei ao meu gobernador interino do Consello, para que, asociado con outros ministros, practicasen as dilixencias de indagación. Todo se fixo e dela resultan varios reos para os que decretei prisión, así como o arresto do meu fillo na súa habitación.

CARLOS IV. Manifesto. 30-10-1807

A interpretación xeneralizada na época, sen embargo, era que Godoy estaba detrás de todo o asunto e que o propósito era impedir que Fernando herdase o trono e que Carlos IV llo cedera a el. Os membros do partido fernandino foron xulgados, pero declarados inocentes polo Consello de Castela, polo que quedaba en evidencia os apoios con que contaban e o deterioro da figura de Godoy.

A principios de 1808 Napoleón, mentres negociaba a cesión da ribeira esquerda do Ebro, preparaba o destronamento dos Borbóns. As tropas francesas, que nun principio deberían so atravesar a Península, van ocupando as prazas máis importantes ó norte do Ebro, Barcelona e Pamplona, próximas á fronteira. Godoy, consciente disto, convence á familia real para abandonar Madrid, para trasladarse ó Sur e, se é preciso, ás Indias. Esta decisión contou coa oposición do goberno, do Consello de Castela e do partido fernandino (que espallou o rumor de que Godoy quería secuestrar á familia real).

O 17 de marzo de 1808 o partido fernandino, coa colaboración do exército e dunha grande masa popular, lidera **un motín en Aranjuez** contra Godoy, que acaba sendo detido. O motín respondía ó

amplo descontento contra a política de Godoy e a súa persoa a quen se consideraba culpable da crise xeneralizada. Todos os grupos sociais, desde a nobreza e a Igrexa, ata a burguesía urbana e campesiños comparten dita oposición. Esta incrementouse a partir de 1805-1806, cando a crise de subsistencias provoca motíns e movementos de protesta.

- Oposición da nobreza, especialmente do partido fernandino, afastada do poder político e desexosa dun sistema aristocrático que substitúa a figura do "favorito".
- Oposición do clero por ser o responsable de poñer en marcha a desamortización das terras das institucións de beneficencia da Igrexa.
- Descontento de grandes sectores da poboación, tanto en España como en América, castigados polas crises de subsistencia, pola política exterior de Godoy de submisión a Francia e de enfrontamento con Gran Bretaña, que contribuía á ruína económica de amplos sectores de poboación en España e América. En América os crioulos decataranse de que o comercio con outros países, fundamentalmente cos Estados Unidos e Gran Bretaña, resulta máis beneficioso e substitúe sen prexuízos ó comercio coa metrópole. Ademais o espallamento dos principios e da experiencia revolucionaria en Francia alimentará no grupo de crioulos as arelas de Independencia de España.

Foi a primeira vez que un motín popular carrexou un cambio político en España, a Carlos IV non lle queda máis remedio que abdicar no seu fillo. O Motín, desde o punto de vista político, non so pretendía ser un golpe de estado para cambiar un monarca por outro, senón que se trataba dunha revolta aristocrática que pretendía instaurar un goberno da nobreza.

O motín que tivo lugar en Aranjuez en marzo de 1808, promovido polo príncipe Fernando e os seus partidarios, obrigou a Carlos IV a abdicar no seu fillo, Fernando, quen foi recoñecido como rei de España.

Como os achaques de que adoezo non me permiten soportar por máis tempo o grande peso do goberno dos meus reinos, e cómpre para reparar a miña saúde, gozar dun clima máis temperado e da tranquilidade da vida privada, determinei despois da máis seria deliberación, abdicar a miña coroa no meu herdeiro e moi caro fillo o príncipe de Asturias. Polo tanto é a miña vontade que sexa recoñecido e obedecido como rei e señor natural de todos os meus reinos e dominios.

CARLOS IV. **Decreto de abdicación.** 19-3-1808

Como consecuencia do Motín de Aranjuez, un exército francés ó mando de Murat(36.000 soldados) entra en Madrid. Murat convence a Carlos IV para que non acepte a súa abdicación e pida a mediación de Napoleón.

Señor meu irmán: VM saberá sen dúbida con pena os sucesos de Aranjuez e as súas resultas (...). Eu non renunciei en favor do meu fillo senón pola forza das circunstancias, cando o estrondo das armas e os clamores dunha garda sublevada me facían coñecer a necesidade de escoller entre a vida ou a morte, e a esta última seguiría a da raíña. Eu fun forzado a renunciar (...).

Dirixo a VM. unha protesta contra os sucesos de Aranjuez e contra a miña abdicación. Entrégome e enteiramente confío no corazón e amizade da VM.*

Carlos IV. Carta a Napoleón. 23-03-1808

[* A protesta consta nun documento asinado polo monarca o 21 de marzo no que dicía: *Protesto e declaro que o meu decreto de 19 de marzo, no que abdiquei a Coroa en favor do meu fillo, foi un acto ao que me vin obrigado contra a miña vontade, para evitar males maiores e a efusión de sangue dos meus amados vasallos. En consecuencia, debe ser considerado nulo e sen ningún valor.*]

En canto ás repercusións políticas da ocupación napoleónica, hai que destacar que, aproveitando a petición de mediación entre a familia real española, Napoleón convoca a Carlos IV e a Fernando VII a Baiona, onde conseguirá as súas abdicacións na súa persoa. O 5 de maio consegue a cesión da coroa de Carlos IV, e, despois de meter presión a Fernando, a renuncia dos seus dereitos á coroa de España.

Abdicacións de Baiona

Art. I. SM o rei Carlos, que non tivo en toda a súa vida outra mira que a felicidade dos seus vasallos (...) resolveu ceder, como cede pola presente, todos os seus dereitos ao trono das Españas e das Indias á SM o emperador Napoleón, como o único que, no estado a que chegaron as cousas, pode establecer a orde; entendéndose que esta cesión só ha de ter efecto para facer gozar aos seus vasallos das condicións seguintes

1. A integridade do reino será mantida (...).

2. A relixión católica, apostólica e romana será a única de España (...).

3. S.M. o Emperador obrígase a dar asilo nos seus Estados ao rei Carlos, á súa familia, ao Príncipe da Paz, (...), os cales gozarán en Francia dun rango equiparable ao que tiñan en España.

Convenio entre Carlos IV e Napoleón. 5-5-1808

O príncipe de Asturias adhírese á cesión feita polo rei Carlos dos seus dereitos ao trono de España e das Indias a favor da SM o Emperador dos franceses, rei de Italia e Protector da Confederación do Rin e renuncia a todos os dereitos que posúe como príncipe de Asturias á Coroa de España

Convenio entre Fernando, príncipe de Asturias, e Napoleón. 10-5-1808

Napoleón, pola graza de Deus Emperador dos franceses (...) a todos os que o presente viren, saúde. Facéndonos saber a Xunta de Estado, o Consello de Castela, a vila de Madrid etc., por representacións, que o ben de España esixía que se puxese un pronto termo ao interregno, resolvemos proclamar rei das Españas e das Indias ao noso moi amado irmán Xosé Napoleón, actual rei de Nápoles e Sicilia.

NAPOLÉON. Decreto de cesión da Coroa española. 6-6-1808

AS REPERCUSIÓNS DA OCUPACIÓN FRANCESA

Repercusións políticas. O goberno francés.

Obtidas as abdicacións dos Reis de España, Napoleón pretende lexitimarse presentándose ó pobo español como solución ante o caótico reinado dos Borbóns e prometendo reformas políticas. Convoca en Baiona, Francia, unha Asemblea de Notables (150 membros da elite política, económica e cultural de España. A causa da vitoria dos españois en Bailén, acudirán menos da metade) para debater un proxecto de Constitución presentado por Napoleón.

Dado o interese de Napoleón de acadar o apoio dos Estamentos privilexiados, a Constitución, mellor dito, **Estatuto ou Carta outorgada, de Baiona** é un texto conservador (non revolucionario como a Constitución de 1812) que conxuga principios do reformismo ilustrado do s. XVIII con principios do Liberalismo. A diferenza da Constitución de 1812, o Estatuto de Baiona non pretende unha supresión integral do Antigo Réxime, senón gradual. Aínda que implanta a liberdade económica e a igualdade de contribución fiscal, mantén algúns privilexios e os morgados, aínda que os limita. Ademais mantén a Inquisición e reconece a relixión católica como relixión oficial e única, prohibindo a práctica de calquera outra.

No Estatuto non existe unha clara separación dos poderes. O Monarca é a figura principal, exerce o poder executivo e lexislativo, elixe ó Senado e nomea e depón libremente ós seus ministros. Aínda así se recoñecen 3 órganos colexiados, cun carácter esencialmente consultivo. O Senado, sen poder lexislativo, que se contempla como unha especie de Tribunal Constitucional para a defensa e a garantía dos dereitos e liberdades. O Consello de Estado, para a consulta dos proxectos de lei. As Cortes, constitúense por estamentos como no Antigo Réxime, ven limitado o seu poder lexislativo pola figura do Rei, aínda que controlan o orzamento e os impostos. O poder xudicial declárase independente,

Os dereitos e liberdades aparecen salpicados polo documento. Recoñécense a liberdade de imprenta, o Habeas Corpus, a inviolabilidade de domicilio, abolición da tortura...). Napoleón vai conceder a coroa de España ó seu irmán maior Xosé, que reinaba en Nápoles.

No nome de Deus Todopoderoso, don Xosé Napoleón, pola graza de Deus, rei das Españas e das Indias: Oída a Xunta Nacional, congregada en Baiona por orde do noso moi querido e moi venerado irmán Napoleón, emperador dos franceses (...), decretamos a presente Constitución (...).

Art. 1. A relixión católica, apostólica e romana, en España e en todas as posesións españolas, será a relixión do rei e da nación, e non se permitirá ningunha outra.(...)

Art. 32. O Senado comporase:

1º Dos infantes de España que teñan 18 anos cumpridos

2º De 24 individuos, nomeados polo Rei entre os ministros, os capitáns xerais do Exército e da Armada, os embaixadores, conselleiros de Estado e os do Consello Real.

Art. 61. Haberá Cortes ou Xuntas da nación compostas de 172 individuos, divididas en tres estamentos, a saber: o estamento do clero, o da nobreza e a do pobo.(...)

Art. 72. Para ser deputado polas provincias ou polas cidades necesítase ser propietario de bens raíces(...)

Art. 88. Será libre en ditos reinos e provincias toda especie de cultivo e industria.

Art. 96, As Españas e As Indias gobernaranse por un só código de leis civís e criminais.

Art. 97. A orde xudicial será independente nas súas funcións (...)

Art. 99- O Rei nomeará a todos os xuíces.

Art. 116. As aduanas interiores de partido a partido e de provincia a provincia quedan suprimidas en España e Indias. (...).

Art. 117. O sistema de contribucións será igual en todo o reino.(...)

Art. 124. Haberá unha alianza ofensiva e defensiva perpetuamente, tanto por terra como por mar, entre Francia e España. (...)

Art. 127. Ningunha persoa residente no territorio de España e de Indias poderá ser presa, como non sexa en flagrante delito, senón en virtude dunha orde legal e escrita.

Art. 133. O tormento queda abolido: todo rigor ou constrinximento que se empregue no acto de prisión ou na detención e execución e non estea expresamente autorizado pola lei, é un delito.

Art. 140. Os servizos e talentos serán os únicos que proporcionen ascensos.

Art. 145. 2 anos despois de executarse enteiramente esta Constitución, establecerase a liberdade de imprenta. Para organizala publicarase unha lei feita nas Cortes.

Constitución de Baiona, 6-7-1808

Xosé I é coroado rei de España un día despois da aprobación do Estatuto de Baiona. O seu reinado vai estar condicionado pola carencia de apoio social, a inxerencia de Napoleón e a realidade da Guerra de Independencia. Conta so co apoio dos afrancesados, maioritariamente cargos burocráticos (xuramentados) e unha elite defensora das reformas ilustradas contraria ó Antigo Réxime, mentres que recibe o rexeitamento da meirande parte da poboación. A resistencia armada do pobo español supuxo a presenza en España dun número importante de tropas francesas. Os xefes militares van actuar nos seus respectivos territorios como verdadeiros vicerreis que so aceptan as ordes de Napoleón. Estes factores reducen notablemente a acción reformista de Xosé I, é máis, a principal lexislación francesa débese ó emperador Napoleón, a finais de 1809, cando está en España para someter a resistencia española. Trátase dos **decretos de Chamartín** que suprimen o Réxime Señorial e a Inquisición e reducen a un terzo os conventos masculinos, permitindo a desamortización dos bens dos conventos suprimidos.

Repercusión militar.

En canto á repercusión militar, a presenza de tropas francesas, a liberación de Godoy por Napoleón e o traslado da familia real a Baiona serán o detonante para o levantamento do 2 de maio en Madrid e o inicio da Guerra de Independencia. Ante a ausencia do Rei, formaranse Xuntas que asumirán a soberanía e encargaranse de organizar a resistencia contra os franceses. Organizarán un exército e pedirán axuda a Inglaterra. Trala vitoriosa campaña de Napoleón, a principal forza contra os franceses serán as guerrillas.

